

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CBELE11	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
AM3009	Ciencias aplicadas I	2023/2024	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	HELENA PÉREZ ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Electricidade e Electrónica consiste en realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos, así como en instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións para edificios e conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira. Esta formación do alumnado require a comprensión de conceptos e procedementos científicos que lle permitan desenvolverse persoal e profesionalmente co obxectivo de poderse integrar na sociedade democrática como cidadás e cidadáns comprometidos.

O desenvolvemento curricular do ámbito das Ciencias Aplicadas nos ciclos formativos de grao básico responde aos propósitos pedagóxicos destas ensinanzas: (1) facilitar a adquisición das competencias da educación secundaria obrigatoria a través da integración dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias relativas ás Matemáticas Aplicadas e Ciencias Aplicadas (bioloxía, xeoloxía, física e química) nun mesmo ámbito; (2) contribuir ao desenvolvemento de competencias para a aprendizaxe permanente ao longo da vida, co fin de que o alumnado poida proseguir os seus estudos en etapas postobrigatorias. No desenvolvemento deste ámbito, tamén deberá favorecerse o establecemento de conexións coas competencias asociadas ao título profesional básico.

Os contidos relacionados coa materia de Ciencias Aplicadas I agrúpanse en oito bloques que abranguen coñecementos, destrezas e actitudes relativos ás catro ciencias básicas (bioloxía, xeoloxía, física e química), coa finalidade de lle achegar ao alumnado unhas aprendizaxes esenciais sobre a ciencia, as súas metodoloxías e as súas aplicacións laborais para configurar o seu perfil persoal, social e profesional. Ademais, inclúense dous bloques que constitúen eixes metodolóxicos do ámbito, que se traballarán simultaneamente con cada un dos bloques de ciencias restantes: o bloque de destrezas científicas básicas, no que se inclúen as estratexias e formas de pensamento propias das ciencias e o bloque de sentido socioafectivo que se orienta cara á adquisición e a aplicación de estratexias para entender e manexar as emocións, establecer e alcanzar metas, sentir e amosar empatía, a solidariedade, o respecto polas minorías e a igualdade efectiva entre homes e mulleres na actividade científica e profesional.

No curso 2022/2023 a materia de Ciencias Aplicadas impártese a un grupo formado por 15 alumnos con idades comprendidas entre 15 e 18 anos, dos que dez deles cursaron anteriormente algúns niveis de educación secundaria obrigatoria no propio centro e os outros nove proveñen doutros centros educativos existentes na contorna. O sentimento maioritario e común dos membros do grupo respecto ao ámbito de Ciencias Aplicadas I é o de desmotivación e desinterese, sendo estes máis notables cos contidos teóricos da materia, polo que será necesario nas reunións de coordinación, consensuar como impartir certos coñecementos básicos imprescindibles para a materia e ata que punto insistir na súa aprendizaxe.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe										
					300999										
					RA1	RA10	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	RA8	RA9	
1	A materia e as súas propiedades	Defínese o concepto de materia e analizaremos os seus cambios de estado, así como as medidas das magnitudes asociadas á materia.	25	10	X	X							X		
2	Os números e as súas operacións	Trabállase os distintos tipos de números e as súas operacións básicas, aplicándose á resolución de problemas da vida cotiá.	30	15			X								
3	Composición e reactividade da materia	Analízase a materia dende un punto de vista atómico e molecular, estudiando algunhas das reaccións químicas presentes na natureza. Aplicaranse as normas IUPAC para nomear os compostos químicos implicados.	25	10									X		
4	Formas xeométricas	Contrúense formas xeométricas e fanse estimacións e cálculos sobre áreas e distancias.	20	10				X	X						
5	Operacións alxebraicas	Utilízase a linguaxe alxebraica para resolver problemas da vida cotiá.	25	15						X					
6	As funcións do corpo humano	Inclúe o coñecemento do funcionamento dos sistemas e aparellos implicados na función de nutrición, analizarase cómo se relacionan os seres vivos tanto con seu entorno como entre eles. Tamén se verán os distintos tipos de reprodución.	25	10											X
7	Estatística	Analízase e represéntanse graficamente datos recollidos nunha táboa estatística e calcúlanse as variables estatísticas.	20	10							X				
8	Saúde e enfermidade	Partindo dos conceptos de saúde e enfermidade vense os mecanismos de defensa que ten o noso organismo, analízase como previr enfermidades. Inclúe a relación saúde-alimentación.	20	10											X
9	A enerxía	Coñecendo o concepto de enerxía e os seus distintos tipos, analízanse as diferentes fontes de enerxía.	20	10										X	
Total:			210												

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A materia e as súas propiedades	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as fases do método científico, valorando a importancia da investigación e o traballo colaborativo para os avances sociais	SI
RA7 - Caracteriza e explica fenómenos fisicoquímicos relevantes asociados á materia e os seus cambios, empregando coñecementos científicos	SI
RA10 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as propiedades da materia. 1.2 Manexar de forma axeitada as unidades de lonxitude, capacidade, masa e volume.	1	A materia. Propiedades	8,0
2.1 Identificar os factores que facilitan os cambios de estado. 2.2 Explicar mediante a TCM os cambios de estado.	2	Os estados da materia	8,0
3.1 Familiarizarse có laboratorio de ciencias. 3.2 Observar os tipos de mesturas.	3	Sistemas homoxéneos e heteroxéneos	4,0
4.1 Recoñecer as contribucións dalgúns científicos. 4.2 Explicar a importancia da ciencia na sociedade.	4	A ciencia na sociedade	5,0
TOTAL			25

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Expuxéronse preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles	● PE.1 - Aplicación do método científico	S	5
CA1.2 Deseñáronse e realizáronse experimentos e obtivéronse datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, as ferramentas ou as técnicas adecuadas con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese	● TO.1 - Desenvolvemento de experimentos de laboratorio	S	5
CA1.3 Interpretáronse os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas	● TO.2 - Interpretación de resultados obtidos a través da investigación	S	5
CA1.4 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	● PE.2 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita	S	10
CA1.5 Empregáronse e citáronse de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e na creación de contidos, e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva	● TO.3 - Búsqueda de información atendendo á veracidade das fontes	N	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.6 Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente <u>as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión</u>	● TO.4 - Contribución e aportación ao traballo colaborativo	S	5
CA1.7 Emprendéronse, de xeito guiado e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade	● TO.5 - Desenvolvemento dun proxecto científico colaborativo	S	5
CA1.8 Valorouse a contribución da ciencia á sociedade e o labor dos homes e as mulleres que se dedican ao seu desenvolvemento, entendendo a investigación como un labor colectivo en constante evolución, froito da interacción entre a ciencia, a tecnoloxía, a <u>sociedade e o ambiente</u>	● TO.6 - Análise da importancia da ciencia na sociedade	S	5
CA7.1 Identifícaronse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de <u>decisións fundamentadas</u>	● PE.3 - Identificación e explicación de fenómenos científicos	S	10
CA7.2 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas <u>formuladas</u>	● PE.4 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas	S	10
CA7.3 Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.5 - Expresión das solucións de problemas	S	10
CA7.4 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	● PE.6 - Comprobación dos resultados dun problema	S	10
CA10.1 Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepción positivo ante as ciencias	● TO.7 - Superación de situacións, problemas e incidentes	S	5
CA10.2 Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente <u>as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión</u>	● TO.8 - Contribución ao traballo colaborativo	S	5
CA10.3 Emprendéronse, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade	● TO.9 - Desenvolvemento dun proxecto científico colaborativo	S	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.</p> <p>Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.</p> <p>Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.</p> <p>Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.</p> <p>Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.</p> <p>Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. Identificación e formulación de cuestións. Elaboración de hipóteses. Comprobación mediante experimentación. Análise e interpretación de resultados.</p> <p>Contornas e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e as contornas virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto polo ambiente.</p> <p>Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar e profesional en diferentes formatos.</p> <p>Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.</p> <p>Teoría cinético-molecular: aplicación e explicación das propiedades máis importantes dos sistemas materiais.</p> <p>Análise dos tipos de cambios que experimentan os sistemas materiais, para os relacionar coas súas causas e coas súas consecuencias.</p> <p>Experimentación cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A materia. Propiedades	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos contidos asociados. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de boletíns de exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Boletín de exercicios resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Material de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Aplicación do método científico PE.2 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita PE.4 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas PE.5 - Expresión das solucións de problemas PE.6 - Comprobación dos resultados dun problema TO.7 - Superación de situacións, problemas e incidentes 	8,0
Os estados da materia	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos conceptos básicos referidos aos estados de agregación da materia. Explicación da TCM sobre os cambios de estado. 	<ul style="list-style-type: none"> Busca en internet de información relativa ás condicións necesarias para o cambio de estado dunha lista de materiais proporcionada polo profesor. Resolución de fichas interactivas sobre os cambios de estado. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Traballos sobre diferentes substancias en soporte informático 	<ul style="list-style-type: none"> Material de laboratorio. Equipos informáticos. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Aplicación do método científico PE.2 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita PE.3 - Identificación e explicación de fenómenos científicos PE.4 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas PE.5 - Expresión das solucións de problemas PE.6 - Comprobación dos resultados dun problema TO.7 - Superación de situacións, problemas e incidentes 	8,0
Sistemas homoxéneos e heteroxéneos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e xustificación das normas xerais do laboratorio, así como das normas básicas de hixiene e seguridade. Plantexamento da realización dunha práctica sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dunha práctica de laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Coñecemento do entorno de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> Material de laboratorio. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Aplicación do método científico PE.2 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita PE.3 - Identificación e explicación de fenómenos científicos TO.1 - Desenvolvemento de experimentos de laboratorio TO.2 - Interpretación de resultados obtidos a través da investigación TO.4 - Contribución e aportación ao traballo colaborativo TO.7 - Superación de situacións, problemas e incidentes TO.8 - Contribución ao traballo colaborativo 	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A ciencia na sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación dalgúns científicos recoñecidos. • Exposición de certos avances científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Búsqueda de información sobre a contribución dos investigadores no avance da sociedade. • Debate. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do tema. Traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipos informáticos. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita • TO.2 - Interpretación de resultados obtidos a través da investigación • TO.3 - Búsqueda de información atendendo á veracidade das fontes • TO.4 - Contribución e aportación ao traballo colaborativo • TO.5 - Desenvolvemento dun proxecto científico colaborativo • TO.6 - Análise da importancia da ciencia na sociedade • TO.8 - Contribución ao traballo colaborativo • TO.9 - Desenvolvemento dun proxecto científico colaborativo 	5,0
TOTAL						25,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os números e as súas operacións	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Resolve problemas en contextos cotiáns interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Diferenciar os tipos de números. 1.2 Utilizar correctamente as xerarquia das operacións. 1.3 Resolver problemas da vida real valéndose dos diferentes tipos de números.	1	Os diferentes tipos de números	10,0
2.1 Coñecer e aplicar as propiedades das potencias de expoñente enteiro. 2.2 Utilizar e operar números en notación científica nos contextos axeitados.	2	Potencias. Notación científica	10,0
3.1 Resolver problemas de proporcionalidade directa ou inversa. 3.2 Interpretar de maneira correcta as informacións expresadas mediante porcentaxes.	3	Proporcionalidade e porcentaxes	10,0
TOTAL			30

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● PE.1 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas	S	20
CA2.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.2 - Expresión das solucións de problemas	S	25
CA2.3 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado	● TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema	S	10
CA2.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● TO.2 - Coñecemento e manexo das TIC na resolución de problemas	N	10
CA2.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado	● PE.3 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita	S	20
CA2.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● TO.3 - Coñecemento sobre a importancia das ciencias na vida cotiá	S	15
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos

Contidos

Números e operacións. Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais. Representación e ordenación de números na recta numérica. Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos. Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou Utilización da contaxe para resolver problemas da vida cotiá e profesional, adaptando a estratexia e o tipo de contaxe ao tamaño dos números.

Interpretación de números grandes e pequenos. Recoñecemento da notación científica. Orde de magnitude. Uso da calculadora na representación de números en notación exponencial e científica.

Factores e múltiplos: relacións e uso da factorización en números primos na resolución de problemas.

Razóns e proporcións: comprensión e representación de relacións cuantitativas.

Relacións de proporcionalidade directa e inversa. Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa e inversa. Interpretación da constante de proporcionalidade no contexto dado. Resolución de problemas de proporcionalidade: escalas, cambio de divisas, etc.

Porcentaxes. Comprensión e uso en diferentes contextos. Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns e profesionais, como rebaixas, descontos, impostos, taxas, etc.

Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns e profesionais.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os diferentes tipos de números	<ul style="list-style-type: none"> Exposición da clasificación dos distintos tipos de números así como as técnicas para clasificalos. Explicación dos tipos de operacións con números. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de exercicios. Investigación sobre números "famosos" (π, número áureo, etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Boletín de exercicios resoltos. Información sobre números coñecidos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas PE.2 - Expresión das solucións de problemas PE.3 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema TO.2 - Coñecemento e manexo das TIC na resolución de problemas 	10,0
Potencias. Notación científica	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e xustificación da notación científica. Operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun boletín de exercicios. Búsqueda de "constantes" científicas que usen esta notación. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Boletín de exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas PE.2 - Expresión das solucións de problemas PE.3 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema TO.2 - Coñecemento e manexo das TIC na resolución de problemas TO.3 - Coñecemento sobre a importancia das ciencias na vida cotiá 	10,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proporcionalidade e porcentaxes	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do concepto de proporcionalidade e porcentaxe. • Aplicacións sinxelas á economía (xuros, taxa de paro, etc...) 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización dun boletín de exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do tema. Boletín de exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> • Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas • PE.2 - Expresión das solucións de problemas • PE.3 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita • TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema • TO.3 - Coñecemento sobre a importancia das ciencias na vida cotiá 	10,0
TOTAL						30,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Composición e reactividade da materia	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Caracteriza e explica fenómenos fisicoquímicos relevantes asociados á materia e os seus cambios, empregando coñecementos científicos	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os distintos modelos atómicos. 1.2 Identificar os átomos neutros e os ions.	1	Os átomos da materia	6,0
2.1 Distinguir entre elementos e compostos. 2.2 Coñecer e familiarizarse coa táboa periódica dos elementos. 2.3 Coñecer a importancia dalgúns elementos e compostos na sociedade.	2	A táboa periódica	6,0
3.1 Coñecer a nomenclatura das substancias químicas simples. 3.2 Formular compostos químicos binarios.	3	O nome das substancias químicas	7,0
4.1 Entender como reaccionan os elementos ou compostos. 4.2 Saber como modificar a velocidade dunha reacción.	4	As reaccións químicas	6,0
TOTAL			25

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.1 Identificáronse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas	● PE.1 - Identificación e explicación de fenómenos científicos	S	30
CA7.2 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● PE.2 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas	S	20
CA7.3 Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.3 - Expresión das solucións de problemas	S	30
CA7.4 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	● TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema	S	20
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos

Contidos

Composición da materia. Aplicación dos coñecementos sobre a estrutura atómica da materia para entender a formación de ións, a existencia de isótopos, o desenvolvemento histórico do modelo atómico e a ordenación dos elementos na táboa periódica. Valoración das aplicacións dos elementos e compostos químicos de maior relevancia e utilidade social, ou relacionados. Formulación e nomenclatura de substancias químicas simples e compostos binarios inorgánicos segundo as normas da IUPAC.

Reaccións químicas. Interpretación das reaccións químicas a nivel macroscópico e microscópico. Aplicación da lei de conservación da masa. Análise dos factores que afectan á velocidade das reaccións químicas de forma cualitativa.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os átomos da materia	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dos diferentes modelos atómicos existentes. Definición de átomo, ions e isótopos. 	<ul style="list-style-type: none"> Búsqueda, selección e presentación de información para comparar as semellanzas e diferenzas entre os modelos atómicos. Traballo con simuladores para recoñecer átomos, ions e isótopos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Informe sobre modelos atómicos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Simuladores. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Identificación e explicación de fenómenos científicos PE.3 - Expresión das solucións de problemas TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema 	6,0
A táboa periódica	<ul style="list-style-type: none"> Definición e distinción de elementos e compostos. Presentación da táboa periódica dos elementos e das súas características básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Distinción entre elementos, compostos e mesturas nunha lista facilitada. Resolución dun quebracabezas da Táboa Periódica para coñecer a súa disposición. Búsqueda de información sobre elementos e compostos indispensables para a vida. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Táboa Periódica resolta 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Material de aula. Táboa periódica. Quebracabezas 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Expresión das solucións de problemas TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema 	6,0
O nome das substancias químicas	<ul style="list-style-type: none"> Presentación das normas da IUPAC. 	<ul style="list-style-type: none"> Formulación das especies propostas. Búsqueda das aplicacións dalgunhas especies formuladas. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Boletín de exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Identificación e explicación de fenómenos científicos PE.3 - Expresión das solucións de problemas TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema 	7,0
As reaccións químicas	<ul style="list-style-type: none"> Presentación do concepto e dalgúns tipos de reaccións químicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Búsqueda de métodos para modificar a velocidade dunha reacción. Resolución dun boletín de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Boletín de exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Identificación e explicación de fenómenos científicos PE.2 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas PE.3 - Expresión das solucións de problemas TO.1 - Comprobación dos resultados dun problema 	6,0
TOTAL						25,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formas xeométricas	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza medidas e estimacións en figuras planas, usando as ferramentas necesarias e adaptando a estratexia e o grao de precisión ao contexto	SI
RA4 - Identifica e constrúe con ferramentas dixitais figuras de dúas e tres dimensións, e coñece as súas características principais	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer e clasificar figuras planas.	1	Xeometría elemental no plano	8,0
1.2 Coñecer os elementos característicos das figuras planas.			
2.1 Calcular áreas e perímetros en figuras planas.	2	Áreas e perímetros	7,0
2.2 Aplicar a situacións reais o cálculo de áreas e perímetros.			
3.1 Clasificar figuras en tres dimensións en función das súas propiedades.	3	Figuras tridimensionais	5,0
TOTAL			20

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.1 - Expresión das solucións de problema	S	25
CA3.2 Analízase e interprétase información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● TO.1 - Coñecemento sobre a importancia das ciencias na vida cotiá	S	10
CA3.3 Aplicáronse procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas, establecendo conexións entre áreas de coñecemento en contextos naturais, sociais e profesionais	● TO.2 - Aplicación de distintas ciencias tendo en conta as súas similitudes	S	15
CA4.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● PE.2 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas	S	20
CA4.2 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● TO.3 - Coñecemento e manexo das TIC na resolución de problemas	N	10
CA4.3 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	● PE.3 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita	S	20
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Estimación, relacións e conversións. Toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida.
Obtención de fórmulas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.

Contidos
Aplicación do cálculo de perímetros e áreas na resolución de problemas. Formas xeométricas de dúas e tres dimensións. Descrición de figuras planas e tridimensionais, e os seus elementos característicos. Clasificación das formas xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características. Construción de formas xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, Coordenadas cartesianas: localización e descrición de relacións espaciais.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xeometría elemental no plano	<ul style="list-style-type: none"> Explicacións sobre os elementos do plano. Presentación das diferentes figuras xeométricas de dúas dimensións. 	<ul style="list-style-type: none"> Cálculo e conversión das unidades de medida de elementos (ángulos, lonxitudes, ...). Recoñecemento de figuras xeométricas presentes en distintos entornos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Boletín de problemas resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Recursos dixitais con figuras xeométricas (imaxes, simuladores). Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Expresión das solucións de problema PE.2 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas TO.3 - Coñecemento e manexo das TIC na resolución de problemas 	8,0
Áreas e perímetros	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dos teoremas empregados para a medida de perímetros. Explicación das ferramentas necesarias para a medida e cálculo de perímetros e áreas. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de problemas con obxectos da vida cotiá. Aplicación á interpretación de planos e mapas. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Manexo de programas informáticos específicos. Boletín de exercicios resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Programas dixitais de medida. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Expresión das solucións de problema PE.2 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas TO.1 - Coñecemento sobre a importancia das ciencias na vida cotiá TO.2 - Aplicación de distintas ciencias tendo en conta as súas similitudes TO.3 - Coñecemento e manexo das TIC na resolución de problemas 	7,0
Figuras tridimensionais	<ul style="list-style-type: none"> Presentación de formas xeométricas en tres dimensións. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecemento de formas xeométricas tridimensionais. Coñecemento de aplicacións dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Recursos dixitais con figuras xeométricas (imaxes, simuladores). Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Expresión das solucións de problema PE.3 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita 	5,0
TOTAL						20,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Operacións alxebraicas	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Usa a linguaxe alxébrica e as relacións lineais para resolver problemas sinxelos, comprobando a corrección e a coherencia das solucións atopadas	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Traducir enunciados verbais á linguaxe alxebraica. 1.2 Operar expresións alxebraicas.	1	Utilización da linguaxe alxebraica	6,0
2.1 Resolver ecuacións de primeiro grao. 2.2 Plantexar e resolver problemas da vida cotiá utilizando ecuacións. 2.3 Representar gráficamente ecuacións lineais.	2	Ecuacións lineais	7,0
3.1 Utilizar as sucesións para resolver problemas da vida cotiá. 3.2 Identificar patróns en contextos reais.	3	Padróns e sucesións	6,0
4.1 Expresar funcións graficamente. 4.2 Plantexar e resolver problemas en situacións reais.	4	Relacións e funcións	6,0
TOTAL			25

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● PE.1 - Descrición do procedemento para localizar a solución de problemas	S	20
CA5.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.2 - Expresión das solucións de problemas	S	25
CA5.3 Comprobase a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	● PE.3 - Comprobación dos resultados dun problema	S	15
CA5.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● TO.1 - Coñecemento e manexo das TIC na resolución de problemas	N	10
CA5.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	● PE.4 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita	S	20
CA5.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● TO.2 - Coñecemento sobre a importancia das ciencias na vida cotiá	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Padróns e sucesións. Identificación de estruturas numéricas e gráficas. Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas, etc.</p> <p>Linguaxe alxébrica. Comprensión do concepto de variable. Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica. Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao. Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes. Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. Uso de ferramentas</p> <p>Relacións e funcións. Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica.</p> <p>Estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de seren analizados utilizando programas e outras ferramentas.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Utilización da linguaxe alxebraica	<ul style="list-style-type: none"> Exposición de diferentes situacións reais susceptibles de ser traducidas a linguaxe alxebraica. Exposición dos conceptos básicos da linguaxe alxebraica e explicación das operacións básicas. Introducción e xustificación das identidades notables como ferramenta para o desenvolvemento e a factorización de expresións alxebraicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo en grupo para tentar facer a tradución a linguaxe alxebraica. Realización dun boletín de exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes do tema. Boletín de exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. Material de aula 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Expresión das solucións de problemas PE.3 - Comprobación dos resultados dun problema PE.4 - Comunicación de información científica de maneira oral ou escrita 	6,0
